

Pautas de desinfección de espazos e edificios públicos, transporte de viaxeiros e zonas comúns de edificios privados de vivendas e urbanizacións.

Este documento é provisional e seguirase traballando nel para ir mellorándoo e completándoo coa información técnica e científica que se vaia publicando, así como segundo a fase na que se atope esta alarma.

Este protocolo céntrase en pautas de desinfección en diferentes lugares e establecementos, sen menoscabo das medidas reflectidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

ÍNDICE

1. OBXECTIVOS.....	páx. 2
2. DESINFECTANTES.....	páx. 2
3. NORMAS PREVENTIVAS DE HIXIENE PERSOAL	páx. 4
4. NORMAS XERAIS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN	páx. 4
5. VENTILACIÓN	páx. 5
6. FICHA 1: Limpeza e desinfección nos centros escolares e similares	páx. 6
7. FICHA 2: Limpeza e desinfección en lugares de pública concorrencia abertos e pechados	páx. 8
8. FICHA 3: Limpeza e desinfección de estacións e vehículos de transporte público	páx. 9
9. FICHA 4: Limpeza e desinfección das zonas comúns dos edificios de vivendas e urbanizacións	páx. 11
10. ANEXO 1: DESINFECTANTES	páx. 12

1.-OBXECTIVOS

Dadas as recomendacións das Autoridades Sanitarias de realizar desinfeccións en diversos centros e lugares, establécense os seguintes obxectivos:

- Definir pautas sinxelas para a desinfección de superficies e espazos habitados:
 - Centros escolares e similares
 - Lugares de pública concorrencia abertos ou pechados
 - Vehículos e estacións de transporte público
 - Zonas comúns de edificios de vivendas e urbanizacións

2.-DESINFECTANTES

Os desinfectantes de uso ambiental (déixase fóra deste documento os de ámbito clínico) son biocidas regulados a través do Regulamento nº 528/2012, do Parlamento europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e o uso dos biocidas .

Dentro do grupo de desinfectantes, atópase diferentes Tipos de produto (TP). Os que interesan para o obxecto deste documento son os Tipo de produto 2 (TP 2):

Desinfectantes e alguicidas non destinados á aplicación directa a persoas ou animais.

O propio Regulamento recolle o conxunto de aplicacións que son propias do TP 2:

- Produtos empregados para a desinfección de superficies, materiais, equipos e mobles que non se utilizan en contacto directo con alimentos ou pensos.
- Os ámbitos de utilización inclúen, entre outros, as piscinas, acuarios, augas de baño e outras; os sistemas de aire acondicionado, e as paredes e chans de lugares privados ou públicos, zonas industriais e outras zonas destinadas a actividades profesionais.
- Produtos utilizados para a desinfección do aire, a auga non destinada ao consumo humano ou animal, retretes químicos, augas residuais, refugallos de hospitais e terra.
- Produtos utilizados como alguicidas para o tratamento de piscinas, acuarios e outras augas e para o tratamento reparador de materiais de construción.
- Produtos destinados a ser incorporados en téxtiles, tecidos, máscaras, pinturas e outros artigos ou materiais co fin de obter artigos tratados con propiedades desinfectantes.



As propiedades desinfectantes son proporcionadas polas substancias activas que conteñen, aínda que non todas estas substancias son eficaces fronte a todos os organismos nocivos. Tamén a forma na que estea formulado o desinfectante condiciona a súa eficacia, polo que é importante utilizar biocidas que demostrasen ser capaces de exercer unha acción virucida de amplo espectro.

Como Anexo, figura unha relación provisional de desinfectantes autorizados polo Ministerio de Sanidade.

Sen detrimento de iso, **un dos desinfectantes que as autoridades sanitarias recomentan, é a lixivia**, xa que .os ensaios demostran que cunha concentración do 0,21% de lixivia aplicada durante 30 segundos de tempo redúcese a infectividade viral en máis de 10^4 .

Antes da aplicación da lexislación comunitaria, a lixivia estivo suxeita ao Real Decreto 349/1993, do 5 de marzo, polo que se modifica a Regulamentación Técnico Sanitaria de Lixivias aprobada polo Real Decreto 3360/1983, do 30 de novembro 5.

Esta Regulamentación Técnico-Sanitaria, na parte que segue vixente, define as lixivias como "as disolucións de hipoclorito alcalino (NaClO), tal e como se producen pola industria, inclúan ou non os aditivos necesarios para a súa posta no mercado, sendo o seu contido en cloro activo non inferior a 35 gramos por litro nin superior a 100 gramos por litro".

Así pois, as lixivias de uso doméstico comercializadas en España, teñen unha concentración mínima de 35g/litro de NaClO , e unha dilución da mesma a razón 1:50, proporciona unha concentración de NaClO do 0,07%, suficiente e efectiva para o seu uso na eliminación do coronavirus en superficies.

Preparación da disolución de NaClO a partir de lixivia de uso doméstico:

Coller 20 mililitros da lixivia, botanse nunha botella de litro e encher con auga da billa ata completar: Pechar e voltear a botella varias veces. Así estará preparada 1 litro de disolución de lixivia ao 1:50.

Para elaborar maiores cantidades, aplicar o correspondente múltiplo, respectando a relación de 2 partes de lixivia e 98 partes de auga.

Modo de uso da disolución de lixivia 1:50:

Mollar un pano nesta disolución para limpar e desinfectar as superficies.

Limpar o pano con auga da billa logo de cada uso e volver impregnala con esta disolución de lixivia.



Para outros biocidas cuxa eficacia contra virus fose demostrada, deberán seguirse as indicacións da etiquetaxe para obter un resultado adecuado.

3.-NORMAS PREVENTIVAS DE HIXIENE PERSOAL

Como norma xeral seguiranse as pautas de conduta hixiénica ditadas polas Autoridades Sanitarias como son o lavado frecuente de mans e outros hábitos de hixiene respiratoria para evitar a propagación do virus (tusir, esbirrar...).

Débese verificar que, en todo momento, os baños e aseos dos lugares de pública concorrencia están dotados de xabón e/ ou disolucións hidro-alcohólicas, papel desbotable e que dispoñen de papeleiras con tapadeira e pedal.

É recomendable que se dispoña en lugar visible (por exemplo en espellos, parede frontal do lavabo) de cartel informativo sobre o correcto lavado de mans.

4.-NORMAS XERAIS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

A limpeza elimina xermes, sucidade e impurezas mentres que a desinfección mata os xermes nesas superficies e obxectos. Por iso, é moi importante que haxa unha boa limpeza antes de proceder á desinfección.

Á hora de abordar a limpeza e a desinfección por parte das empresas que as leven a cabo, estas deben ter en consideración os principios de boas prácticas recollidos na norma UNE 16636:2015. "Servizos de xestión de pragas, requisitos e competencias", e poñer ao dispor da autoridade sanitaria todos os documentos, protocolos de actuación e rexistros que se derivan do cumprimento da norma e do Real Decreto 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.

Ademais, cando as empresas vaian utilizar desinfectantes rexistrados no Ministerio de Sanidade para uso por persoal profesional ou persoal profesional especializado, a aplicación dos mesmos sería levada a cabo por técnicos cualificados das empresas rexistradas no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas (ROESB), que irían provistos de equipos de protección persoal adecuado e acorde coa vixente normativa de protección contra axentes químicos e biolóxicos.



O Plan de actuación de limpeza e desinfección destas empresas, debe contar con:

- Diagnóstico de situación que irá acompañada dunha inspección e unha avaliación da situación e de riscos
- Programa de actuación que conterá as pautas de limpeza, desinfectante a utilizar, método de aplicación, protección dos elementos susceptibles de verse afectados (enchufes, computadores persoais, outros equipos informáticos, etc.).
- Xestión adecuada dos residuos xerados.

A aplicación destes desinfectantes obriga a facelo cando o espazo a desinfectar está sen persoas e, posteriormente, a manter o prazo de seguridade que recolle a autorización de cada desinfectante.

5.-VENTILACIÓN

O propósito de ventilación dos espazos pechados, é manter unha boa calidade do aire interior, garantindo que ese aire é seguro de respirar. O amontoamento e a falta de achega de aire fresco, son factores que favorecen a transmisión do virus.

En caso de utilizar ventilación por medios mecánicos, observar un bo mantemento e desinfección dos mesmos.

FICHA 1

LIMPEZA E DESINFECCIÓN NOS CENTROS ESCOLARES, GARDERÍAS, ETC.

ACCESO DO PERSOAL

Como norma xeral, o acceso aos debe estar restrinxido ás persoas que traballan no mesmo: servizos de mantemento, persoal de cociña, cuidadores, docentes, persoal de xestión, etc.

PAUTAS HIXIÉNICAS DO PERSOAL

Reforzaranse as pautas de conduta hixiénica habitual, recollidas no apartado 3 pero que convén extremar, como son a limpeza das mans e a hixiene respiratoria.

DESINFECCIÓN

As superficies que se tocan con frecuencia (mesas, mostradores, interruptores...), os pomos das portas, as superficies do baño e o inodoro, billas, teclados, teléfonos, mandos a distancia, etc., deberán ser limpadas con material desbotable e desinfectadas diariamente (se o centro está en uso) cun desinfectante doméstico que conteña lixivia a unha dilución 1:50 (2 partes de lixivia e 98 partes de auga), preparado o mesmo día que se vai a utilizar.

Os espazos comúns, ademais da oportuna aireación diaria, serán desinfectadas seguindo as pautas habituais establecidas, poñendo énfase nos puntos máis utilizados: pomos de portas, mesas, apoia brazos de cadeiras, etc. Utilizarase a mesma dilución de lixivia.

Tamén será obxecto dunha especial consideración o comedor colectivo, pratos, cubertos, vasos, bandexas, etc. A limpeza das vasillas realizarase en lavalouzas cos deterxentes usuais. As mesas e cadeiras desinfectaranse utilizando panos desbotables cun desinfectante doméstico que conteña lixivia a unha dilución 1:50 (2 partes de lixivia e 98 partes de auga), preparado o mesmo día que se vai a utilizar.

Terase en conta aqueles paramentos verticais e horizontais que poidan ser susceptibles de contaminarse. Utilizarase a mesma dilución de lixivia.

A persoa encargada da limpeza deberá protexerse con máscara e luvas, e cumprirse a normativa de prevención de riscos laborais.

Tras realizar a limpeza, o persoal encargado da mesma, deberá lavar as mans.



No caso de que se decida unha desinfección xeral, o centro deberá ser evacuado, e poderán utilizarse equipos de nebulización. A aplicación sería levada a cabo por técnicos cualificados das empresas rexistradas no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas (ROESB) que irían provistos de equipos de protección persoal adecuada e acorde coa vixente normativa de protección contra axentes químicos e biolóxicos. Unha vez efectuado o tratamento, antes da súa apertura ao público, manterase o prazo de seguridade que recolle a autorización de cada desinfectante.

Para a manipulación das pezas téxtiles "sucias" utilizaranse luvas. Non debe sacudirse a roupa para lavar. O persoal de limpeza utilizará equipo de protección individual adecuado dependendo do nivel de risco que se considere en cada situación, e refugaraos de forma segura tras cada uso, procedendo posteriormente ao lavado de mans.

FICHA 2

LIMPEZA E DESINFECCIÓN EN LUGARES DE PÚBLICA CONCORRENCIA ABERTOS E PECHADOS

É moi probable que nalgún momento, as Autoridades Sanitarias decidan que algúns lugares de pública concorrencia (abertos ou pechados) necesitan ser limpados e desinfectados, cunha maior frecuencia da habitual.

LIMPEZA

Para que resulte efectiva a desinfección, debe extremarse a limpeza e, para iso, seguiranse as pautas recollidas no apartado 4.

DESINFECCIÓN

No caso de utilizar lixivia, prepararase unha dilución a 1:50 (2 partes de lixivia e 98 partes de auga), preparado o mesmo día que se vai a utilizar.

Poderanse utilizar os desinfectantes autorizados polo Ministerio de Sanidade para este fin e, para iso, deberán seguirse as indicacións da etiquetaxe para obter un resultado adecuado.

- A aplicación sería levada a cabo por persoal cualificado das empresas rexistradas no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas (ROESB) que irían provistos de equipos de protección persoal adecuada e acorde coa vixente normativa de protección contra axentes químicos e biolóxicos.
- A forma de aplicación sería con procedementos mecánicos, tipo sopladoras a motor, cunha pulverización ou nebulización que se realizará
 - preto do chan ou paredes a desinfectar,
 - con escasa potencia para non levantar po nin aerosois,

FICHA 3

LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE ESTACIONS E VEHÍCULOS DE TRANSPORTE PÚBLICO

LIMPEZA

A limpeza de rutina das estacións e vehículos de transporte público inclúe:

- Limpeza de superficies de alto contacto que son tocadas por moitas persoas diferentes, como interruptores de luz, pasamáns e pomos, etc.
- Varrido e fregado automático dos chans cos produtos ao uso (deterxentes, lixivia, ...).
- Limpeza de teitos e lámpadas.
- Aspiración de entradas e áreas de alto tránsito de persoas.
- Eliminar o lixo e limpar derrames.
- Limpeza de baños.
- Limpar os condutos de calor e aire acondicionado.
- Manchas de sucidade.
- Limpeza de alfombras.

DESINFECCIÓN

No caso de utilizar lixivia, prepararase unha dilución a 1:50 (2 partes de lixivia e 98 partes de auga), preparado o mesmo día que se vai a utilizar.

Poderanse utilizar os desinfectantes autorizados polo Ministerio de Sanidade para este fin e, para iso, deberán seguirse as indicacións da etiquetaxe para obter un resultado adecuado.

A aplicación sería levada a cabo por técnicos cualificados das empresas rexistradas no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas (ROESB) que irían provistos de equipos de protección persoal adecuada e acorde coa vixente normativa de protección contra axentes químicos e biolóxicos.

No caso de facelo por métodos mecánicos, utilizarase maquinaria de nebulización de baixo volume para evitar empozamentos.

Nas estacións e lugares de espera de pasaxeiros, manterase unha escrupulosa limpeza e a desinfección realizarase en ausencia de pasaxeiros.



Teranse en conta:

- Máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e alimentos.
- Os baños e aseos, que deberán contar en todo momento con xabón e toallas desbotables ou secadoras eléctricas de mans.
- Máquinas expendedoras de billetes, tornos de paso,...
- Pasamáns das escaleiras mecánicas.
- Aqueles paramentos verticais que poidan ser susceptibles de contaminarse.

Nos vehículos de transporte de pasaxeiros, ademais da limpeza, a desinfección realizarase en ausencia de pasaxeiros. Sen detrimento dunha nebulización xeral, poñerase especial énfase nos elementos que máis adoitan ser tocados polas persoas:

- Lector dos billetes e tarxetas de viaxeiros.
- Botóns de apertura de portas dos trens.
- Timbre de solicitude de parada.
- Barras de apoio.
- Asentos.
- Xanelas

FICHA 4

LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS ZONAS COMÚNS DOS EDIFICIOS DE VIVENDAS E URBANIZACIÓNS

Para que resulte efectiva a desinfección, debe extremarse a limpeza e, para iso, seguiranse as pautas recollidas no apartado 4.

É moi importante facer unha boa ventilación espazos comúns interiores.

Como complemento, deben seguirse as seguintes directrices sobre a desinfección e o manexo dos residuos.

1. As superficies que se tocan con frecuencia, os pomos das portas, pasamáns, ascensor, interruptores, intercomunicadores, botóns de chamada, etc, deberán ser limpadas con material desbotable e desinfectadas diariamente cun desinfectante doméstico que conteña lixivia a unha dilución 1:50 (2 partes de lixivia e 98 partes de auga) preparado o mesmo día que se vai a utilizar.
2. A persoa encargada da limpeza deberá protexerse con máscara e luvas.
3. Tras realizar a limpeza deberase proceder a unha boa hixiene de mans.
4. Se no edificio ou na urbanización se detectase un caso confirmado, o persoal encargado debería incrementar a frecuencia da limpeza e desinfección das áreas máis utilizadas polos residentes, como ascensores (caixa, botóns de chamadas, portas,...), pomos de portas, , etc. Para iso, seguiranse as mesmas pautas citadas no punto 1.
5. Os residuos que se recollan na limpeza e desinfección das zonas comúns poden ser tratados como residuos domésticos e non requiren ningún tratamento especial. As bolsas con estes residuos pecharanse e depositaranse nos contedores xenéricos do lixo.
6. Colocaranse carteis de prevención de COVID-19, en lugares visibles.

ANEXO 1
DESINFECTANTES CON ACCIÓN VIRICIDA AUTORIZADOS
POLO MINISTERIO DE SANIDADE
Productos virucidas autorizados en España
TP2 (desinfección de superficies y aérea, uso ambiental)

Nombre Comercial	Número de Registro	Sustancia Activa	Usuario	Forma de aplicación	Registro Nacional/Europeo
Bactoclean	ES-0018916-0000	Ácido láctico: 0,42%	-Público en general -Personal Profesional -Personal Profesional Especializado	• Desinfectante multiuso listo para usar con eficacia bactericida, levadura y actividad virucida contra solo el virus de la influenza A / H1N1 para superficies duras en el área doméstica, institucional e industrial	Europeo
Sure Cleaner Disinfectant Spray	ES-0018646-0000	Ácido láctico: 0,42%	-Público en general -Personal Profesional -Personal Profesional Especializado	• Desinfectante multiuso listo para usar con eficacia bactericida, levadura y actividad virucida contra solo el virus de la influenza A / H1N1 para superficies duras en el área doméstica, institucional e industrial	Europeo
Ecodyl	ES-0018917-0000	Ácido láctico: 0,42%	-Público en general -Personal Profesional -Personal Profesional Especializado	• Desinfectante multiuso listo para usar con eficacia bactericida, levadura y actividad virucida contra solo el virus de la influenza A / H1N1 para superficies duras en el área doméstica, institucional e industrial	Europeo
Germ Spray Care Perfect Disinfection	ES-000622-0003	Ácido láctico: 0,42%	-Público en general -Personal Profesional Especializado	• Desinfectante multiuso listo para usar con eficacia bactericida, levadura y actividad virucida contra solo el virus de la influenza A / H1N1 para superficies duras en el área doméstica, institucional e industrial	Europeo
Lactic	ES-000622-0003	Ácido láctico: 0,42%	-Público en general -Personal Profesional -Personal Profesional Especializado	• Desinfectante multiuso listo para usar con eficacia bactericida, levadura y actividad virucida contra solo el virus de la influenza A / H1N1 para superficies duras en el área doméstica, institucional e industrial	Europeo
Germ Trol Care Perfect Disinfection	ES-0018717-0000	Ácido láctico 1.75%	-Público en general -Personal Profesional -Personal Profesional Especializado	• Desinfectante multiuso listo para usar con eficacia bactericida, levadura y actividad virucida contra solo el virus de la influenza A / H1N1 para superficies duras en el área doméstica, institucional e industrial	Europeo
Vaprox ® Hydrogen Peroxide Sterilant	ES/MRF(NA)-2019-02-00622-1-1	Peróxido de hidrogeno: 35%	-Personal profesional especializado	• Desinfección de superficies no porosas, materiales, equipos y muebles que no se usan para el contacto directo con alimentos o piensos, dentro de un recinto sellado o en recintos en entornos industriales, comerciales e institucionales.	Europeo